

Sr. D. Artur do Cruzeiro Seixas
Rúa La Rosa, 152 – 3º
1200 – LISBOA

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 1999

Meu querido amigo:

Sexan as miñas primeiras palabras para disculparme pola tardanza en contestarlle ó magnífico envío do que me fai partícipe, mais o certo é que me coincidiu cunhas semanas de descanso fora de Galicia e algunhas viaxes de traballo. Agora ben, non se pode imaxinar canta alegría experimentei mentres fun descubriendo o envoltorio do seu fermoso regalo. Foi a mesma sensación dun neno pequeno na noite máxica dos Reis Magos, desbordado polas emocións de tantos agasallos. Créame que me sentín así, pois non atopaba razón para tanta xenerosidade.

De pronto, levei os seus debuxos e gravados para enmarca-los, pois estaba desexando disfruta-los nas paredes da miña casa. ¿E dice vostede na súa carta que o envío lle parece insuficiente? A min, en cambio, me parece desmesurado. ¡Qué fixen eu para merecer isto! Gracias polos 2 orixinais (lamento que o de papel máis fino chegase arrugado a pesares dos cuidados con que preparou o envío); gracias polos catálogos e serigrafías que, xunto cos orixinais que atesouro da obra de Granell, están a incrementar a miña máis querida colección do surrealismo peninsular. Xa estou a ver o día no que, con toda esta obra, e sen ánimo de lucro, evidentemente, penso facer unha exposición en Madrid como homenaxe de gratitude a tan inmensos artistas como son vostedes. Pois salas para levala a cabo non me faltan.


Agradezco, tamén de maneira especial, a antoloxía da poesía surrealista portuguesa, de Perfecto E. Cuadrado, así como o ensaio de Mario Cesariny sobre “A intervenção surrealista”, libro no que leo que “só a imaginação transforma. Só a imaginação transtorna”. I esto foi, precisamente, a sensación que sentín ante os seus desaforismos e poemas construídos, coa arquitectura das palabras, por un inxeñeiro do espacio como é vostede. Gracias por todo isto.

Mais ¿con qué podo eu cumprimentalo? Non sei. Hoxe se me ocorre enviarlle este corpus poético completo da nosa “lírica profana galego-portuguesa” que tanto nos une na cultura que compartimos. Espero que sexa do seu agrado. Pois eu non son poeta, senón un simple amante da poesía; non son pintor, senón un simple devoto desta igrexa que canoniza ós seus herexes e da que vostede é un dos Sumos Sacerdotes.

Así pois, tan só agardo que estes libros lle desperten unha pequena parte das emocións que en mi despertaron os seus agasallos tan fermosos e personais.

Por outro lado, e por circunstancias alleas á miña vontade, direille que a publicación da miña pequena biografía de Granell estase a retrasar na imprenta, así como o texto que os meus amigos de ALBUM, revista trimestral que xa coñece, pensan incluírme sobre a súa figura. En todo caso, todo chegará antes de final de ano. Estou seguro.

Querido amigo, espero que en canto teña ocasión poda visitalo en Lisboa co fin de saudalo de maneira persoal e intransferible. Mentres tanto, reciba o máis caluroso abraço deste amigo que é,



Paco López-Barxas

Avda. Xoán XXIII, 29 -3º A
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

01-202

Sr. D. Artur do Cruzeiro Seixas
Rúa La Rosa, 152 – 3º
1200 – LISBOA

Paco López-Barxas
Avda. Xoán XXIII, 29 – 3º A
15704 – Santiago de Compostela

Francisco López-Barxas
Urb. Troia, chalet nº 14
15886 – Ameneiro – Calo – TEO
(A Coruña)

Sr. D. Artur Seixas
Rua da Rosa, 152 – 3º
1200 – 389 LISBOA
PORTUGAL

Santiago, 1 de maio de 2002


Querido amigo Seixas:

Acuso recibo da súa carta pola que comprendo agora que tal vez os meus requerimentos para saber de vostede non tiveron en conta a necesidade íntima de solidão que un precisa para, como tan certeiraamente manifesta, gozar da liberdade necesaria coma o aire que un respira. Lamento ter interferido nese estado no que, ten razón, é esencial “mais por exigencia da natureza que por exigencia intelectual”.

Comprendo que na vida de todo artista é moi difícil dosifica-la solidão, querido Seixas. Mais estou de acordo con Rilke –e vostede supoño que estará de acordo cos dous- de que é importante permanecer só e alerta cando se está triste. Pois decía o poeta que estes son os momentos en que algo novo, algo desconhecido, entra en nós mesmos.

Dime vostede na súa carta que anda “tão perdido como o anda este mundo no labirinto do tempo”. Não creio. O mundo sí, é certo, pero permítame que lle diga que “o seu reino não é deste mundo”. Esta convulsão interior que me transfire nas súas palabras éxperimentoa tamén nese desenho violento que expresa de maneira máis clara, se cabe, o desasosiego que me participa. Ese desenho algo agresivo da súa carta que, posiblemente, teña algo que ver –non sei- coa situación de ter sido obrigado a recorrer a médicos e medicamentos, como me di na súa carta.

En fin, querido Seixas, não quero por hoxe vulnerar por máis tempo o seu estado emocional, que comprendo e comparto, senón que saiba que aquí ten o meu ombro, a miña admiración e o máis forte dos meus abraços. Ata pronto.






Francisco López Barxas

Urb. Troia, nº 14

15866 -- Ameneiro -- Calo -- TEO

A CORUÑA - ESPAÑA



01.202.01

Sr. D. ARTUR SEIXAS
Rua da Rosa, 152 - 3º
1200 - 389 LISBOA
PORTUGAL

1040318 1200-389

